

Expediente IET: P-21-834
Proxecto: Parque eólico Valdepereira
Concello: Lalín (Pontevedra) e O Irixo (Ourense)
Promotor: Aerogeneración Galicia SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 11/02/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque eólico Valdepereira.

1. Antecedentes:

Con data do 27/12/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Informe:

Na contestación recibida ao anterior informe do IET, a empresa promotora achega unha addenda ao EIIP que incorpora a maiores unha análise dos afloramentos ao carón da posición 6, completa a análise da visibilidade achegando tamén novas infografías, a xustificación das directrices de aplicación así como a determinación de pantallas vexetais para minimizar o impacto visual nos núcleos rurais. Tamén se modifica a posición 6 para minimizar a afección aos afloramentos rochos de maior valor paisaxístico.



Estes contidos veñen a completar formalmente o EIIP do proxecto polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Así mesmo complétanse as medidas de integración paisaxística, se ben, non se considera axeitada como especie autóctona o *Cupressus x leylandii* o cal deberá ser substituído por outras especies presentes na zona como o *Laurus nobilis*, *Pinus pinaster* ou *Quercus robur*.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

